

## MEMORIA EXPLICATIVA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2025, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A AGRUPACIÓN CONSTITUÍDA POLAS ENTIDADES FUNDACIÓN ALDABA, FAIBEN FUNDACIÓN DE APOIO Á INFANCIA E AO BENESTAR, MANAIA ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, INSPECTORÍA MARÍA AUXILIADORA E A ASOCIACIÓN CASA DE FAMILIA SANTA JOAQUINA DE VEDRUNA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE EXPERIENCIAS FAMILIARES DE REFERENCIA "EN FAMILIA", NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.**

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano da Administración autonómica ó que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de infancia e menores, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

A Consellería de Política Social e Igualdade ten asumida segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, e agrupación constituída polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba, comprometidas institucionalmente coa xuventude, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento residencial sen contactos familiares adecuados, a posibilidade de desfrutar de estancias temporais con familias alleas que se constitúan en referencias estables no seu desenvolvemento.

Ámbalas cinco son entidades galegas con moitos anos de experiencia na xestión de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do programa.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso á agrupación constituída polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba para a execución do Programa "de experiencias familiares de referencia "EN FAMILIA" no ano 2025.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 - en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con



entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

A execución material do programa materialízase anualmente ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa agrupación constituída polas entidades Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar, MANAIA, Asociación Galega de Adopción e Acollemento, a Inspectoría María Auxiliadora, a Asociación Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna e a Fundación Aldaba, as cales achegarán ao programa a súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025 e efectos dende o 1 de xaneiro de 2025 abrangendo as accións obxecto deste convenio que se realicen polas entidades desde a antedita data.

De acordo co artigo 69 da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa, ao non ter unha obriga de gasto superior a 300.000 € o acordo de convenio de colaboración non deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

### Datos económicos

A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía global de 218.455,94 € con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin, distribuído na seguinte anualidade:

Anualidade	2025
Importe	<b>218.455,94 €</b>

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I do convenio e en ningún caso supón beneficio económico para as entidades convenientes. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

Por todo o exposto, téndose fiscalizado unha retención de crédito por importe de 218.455,94 €, solicítanse Informes Previos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada sobre se o texto do convenio de colaboración se axusta á normativa vixente.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica  
Jacobo José Rey Sastre

